

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA

CURSO 2004/2005

ÍNDICE

1. MÓDULO PROFESIONAL DE PROXECTO INTEGRADO.....	3
1.1. OBXECTIVOS ESPECIFICOS.....	3
1.2. RELACIÓN SECUENCIADA DE UNIDADES DIDÁCTICAS.....	5
1.3. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.	6

1. MÓDULO PROFESIONAL DE PROXECTO INTEGRADO

1.1. OBXECTIVOS ESPECIFICOS

O módulo Proxecto Integrado permite comprender globalmente os aspectos sobresalientes da competencia profesional característica do título que foron abordados noutros módulos profesionais do ciclo formativo. Ademais, integra ordenadamente distintos coñecementos sobre organización, características, condicións, tipoloxía, técnicas e procesos que se desenvolvan nas diferentes actividades productivas do sector ó que corresponde o título e, ó mesmo tempo, adquire coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que favorecen o desenvolvemento daquelas capacidades relacionadas coa profesión que, sendo demandadas polo contorno productivo en que radica o centro, **non puideron ser recollidas no resto dos módulos profesionais**.

Por outra banda, o desenvolvemento dun proxecto debe permitir o fomento de capacidades e actitudes xerais e relacionadas coa profesión: traballo en equipo, o aumento da autonomía, o tratamento de distintas fontes de información, a xeración de información e a seguridade da información e os equipos.

Obsérvase diferenzas e descompensación de coñecementos entre alumnos e mesmo entre distintos tipos de contidos. Este módulo é o indicado para corrixir estas deficiencias e que os alumnos acaden as destrezas que lles faltan.

Ó mesmo tempo, e como se indica no DCB, o alumno neste módulo debe adquirir coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que favorecen o desenvolvemento daquelas capacidades relacionadas coa profesión que, sendo demandadas polo contorno productivo en que radica o centro, non puideron ser recollidas no resto dos módulos profesionais. De ahí o afondamento neste módulo no desenvolvemento en contornos web.

Á hora de plantexar o proxecto didáctico do módulo teremos en conta todos estes aspectos.

De acordo co exposto, e **tendo en conta as carencias, intereses e coñecementos dos alumnos deste ano académico**, os obxectivos específicos son:

- Diseñar, instalar e configurar sistemas LAMP e WAMP, é dicir un hosting (aloxamento de sitios web) tanto en Linux (Li
- Propor os equipos e o software dunha infraestrutura de ISP.
- Organizar e aplicar procedementos na administración dun sistema xestor de BD relacional nun entorno multiusuario.
- Diseñar, planificar e implementar unha aplicación web desenvolvida en PHP.
- Planificar as tarefas de administración e medidas de seguridade que respondan ós requirimentos de explotación do sistema.
- Instalar e implantar sistemas xestores de bases de datos.

- Amosar unha actitude de colaboración en equipo respectando as opinións dos demais e as normas e convenios de traballo en común e proponendo axeitadamente as súas ideas.
- Amosar capacidades de iniciativa, autonomía e de crítica para propor solucións ós problemas que se lle presenten no seu traballo.
- Realizar o traballo de deseño, proba e documentación das configuracións co máximo rigor e meticulosidade.
- Amosar unha actitude de permanente investigación pola súa conta posto que a cotío necesítanse novos coñecementos en materias de Informática.
- Avaliar a adecuación dos deseños e as solucións propostas ás especificacións plantexadas.

En resumo diremos que este módulo debe permitir culminar a integración dos contidos tratados no ciclo.

Dicir tamén que a estrutura de contidos elaborouse a partir do contido organizador, tendo en conta as etapas máis significativas do procedemento xeral e as capacidades terminais involucradas.

Da estrutura obtida defínese a secuencia de aprendizaxe marcada por unha relación ordenada das unidades de traballo.

1.2. RELACIÓN SECUENCIADA DE UNIDADES DIDÁCTICAS.

A relación das unidades de traballo coa súa correspondente temporalización expónse na seguinte táboa:

UNIDADES DE TRABAJO	HORAS ESTIMADAS
<i>1. A linguaxe HTML</i>	15
<i>2. Instalación e configuración dun sistema WAMP</i>	7
<i>3. A linguaxe PHP</i>	70
<i>4. Deseño dunha infraestrutura de ISP</i>	3
<i>5. Instalación e configuración dun sistema LAMP</i>	3
<i>6. Ferramentas desenvoltas en PHP</i>	2
<i>7. Proxecto integrador</i>	30
	130

1.3. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 1: A LINGUAXE HTML

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Emprego de etiquetas e atributos de HTML
§ Listas, Táboas, Ligazóns, imaxes.
§ Os formularios.
§ Frames simples e anidados.
§ Mapas de imaxes.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 2: INSTALACIÓN E CONFIGURACIÓN DUN SISTEMA WAMP.

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Instalación e configuración de Apache en Windows
§ Instalación e configuración de PHP en Apache.
§ Instalación e configuración de mySQL.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 3: A LINGUAXE PHP

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Funcionamento dun programa PHP.
§ Instruccións, operadores, tipos de datos e expresións.
§ Variables. Bucles e instruccións condicionais.
§ Funcións.
§ Ficheiros
§ Xestión de usuarios e sesións
§ PHP e as bases de datos
§ Crear documentos PDF

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 4: DESEÑO DUNHA INFRAESTRUCTURA DE ISP

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Estudio das necesidades dun Proveedor de Servizos de Internet.
§ Deseño da estrutura de rede.
§ Deseño do servizo de correo electrónico.
§ Deseño do servizo de aloxamento de páxinas web (hosting permitindo o emprego de PHP e bd mySQL)
§ Deseño do sistema de copias de seguridade.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 5: INSTALACIÓN E CONFIGURACIÓN DUN SISTEMA LAMP.

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Instalación e configuración de Apache en Linux.
§ Instalación e configuración de PHP en Apache.
§ Instalación e configuración de mySQL.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 6: FERRAMENTAS DESENVOLTAS EN PHP

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Ferramentas de xestión de contidos
§ Ferramentas de e-commerce (OS-commerce)
§ Ferramentas de Administración (PHPmyAdmin)
§ Ferramentas de traballo en grupo-workgroup (egroupware)

UNIDADE DE TRABALLO Nº 7: PROXECTO INTEGRADOR

CONTIDOS CONCEPTUAIS (<i>contido soporte</i>)
§ Todos os desenvolvidos en unidades anteriores.